



ISIDRO NOVO

A palabra polafía, como sempre se coida de explicar o seu creador, é un neoloxismo adaptado aos tempos actuais derivado dos diversos nomes que definían as reunións de carácter festivo nas que afloraba a literatura oral e a música que lles era próxima aos do lugar onde se celebraban. Reunións que como moita xente áfida lembra podían chamarse polavilas, fías, fias, fiandóns, seráns...

Antonio Reigosa, especialista na Literatura de Tradición Oral e vogal da Asociación de Escritores en Lingua Galega por este mesmo con-

cepto, comezou a andaina co apoio desta para o seu proxecto no 2007 e visitou nese ano concellos das catro provincias.

Xa no 2008 quixo contar comigo como recitador de poesía popular e a día de hoxe, logo de "polafiar" en lugares diversos e diferentes da nosa xeografía, áinda neste ano non saín do meu asombro canto á boa acollida que ten este invento reigoso. Un formato cuxo segredo está sen dúbida na súa sinxeleza e nese ambiente familiar que se crea cando a xente se ten confianza.

Porque en realidade os protagonistas dunha polafía son as xentes do lugar onde esta se celebra, sendo os demás participantes incitadores e secundarios, de maneira que se a xente que asiste ao acto é suficiente para cubrilo, os que chegamos de fóra temos assumido que o noso pa-

Os protagonistas dunha polafía son as xentes do lugar onde esta se celebra, sendo os demás participantes incitadores e secundarios

pel é oficiar de meros coordinadores. Logo da miña experiencia en 2008, neste 2009 sigo alucinando do éxito deste formato no que además do creador da criatura, Reigosa, e de quen escribe, algunas veces vai un músico.

Tanto Antón Castro como Xavier Blanco teñen suscitado admiración polo seu virtuosismo e téñennos acompañado en diversas ocasións,

pero ata a parte musical é ás veces assumida pola xente do lugar e tanto na que celebramos en Figueirido (Pontevedra) a finais de outubro, como na penúltima celebrada na Casa das Palmeiras de Neda a finais de novembro, foron dous grupos da zona (Os Chichisos e Zoar do Vento, respectivamente) os que se ocuparon de alegrar o acto coa súa música.

Reigosa conta algunha lenda da zona mentres a xente está remisa e o mesmo fago eu con algún poema de fácil chegada. Se é posibel que teña que ver tamén co sitio. En Figueirido lin as coplas do Padre Sarmiento, en Neda recitei a Esquío e a Pérez Parallé e na celebrada hai pouco en Cabreiros (Xermade), lin poemas de Caetano Arias e Engracia Vérez. A polafía é todo un invento, palabra! ●

O asombroso éxito das polafías

Opinión Hoxe